



OS BOLECHAS VAN ÁS OLIMPIADAS

Un ano máis a divertida familia Bolechas, referente galegofalante para os nenos e nenas de Galicia, estará presente no programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coas entidades que forman parte da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

Co título 'Os Bolechas van ás Olimpíadas', esta actividade de dinamización lingüística percorrerá ata finais do mes de xullo un feixe de concellos, ofrecendo un espectáculo ameno e participativo. Carlos, as xemelgas Loli e Pili, Braulio, Sonia e o pequeno Tatá, xunto ao seu incondicional can Chispa, farán que nenas e nenos se sintan cómplices e co-protagonistas das súas aventuras.

Nesta ocasión, os seis famosos irmáns requirirán a axuda dos rapaces e rapazas asistentes para superaren unha serie de probas e deste xeito venceren o seu antagonista Romualdo. Se, co apoio do público, conseguen superar os desafíos, terán garantido o seu pase para as Olimpíadas de Río 2016. Deste xeito, a actividade combina o compoñente lúdico e didáctico, cun obxectivo principal de dinamización lingüística e unha aposta polo coñecemento en materias de historia, deporte ou etnografía, así como tamén de fomento de hábitos saudables.

Ademais, a participación promovida por esta actividade non se limita ao día do espectáculo, pois 'Os Bolechas van ás Olimpíadas' ten continuidade a través das novas tecnoloxías, no web www.osbolechas.gal/olimpiadas.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada á actividade é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal) e tamén nas redes sociais do programa.



@Falaredes



Programa Falaredes

OS BOLECHAS VAN ÁS OLIMPIÁDAS

MAIO

- Sábado 14: **Boqueixón**, na Casa da Cultura de Camporrapado, ás 18:30 h
- Domingo 15: **Silleda**, no Auditorio Municipal da Bandeira, ás 12:30 h
Vedra, no Local Sociocultural, ás 19:00 h
- Martes 17: **Campo Lameiro**, no Centro Sociocultural Sobrino Buhigas, ás 18:30 h
- Venres 20: **A Cañiza**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 20:00 h
- Sábado 21: **Dodro**, A Paxareira, ás 12:00 h
Cambados, no Auditorio da Xuventude, ás 19:00 h
- Domingo 22: **Cotobade**, na Aula Multiúsos Insituto de Cotobade (Tenorio), ás 18:30 h
- Venres 27: **A Laracha**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Sábado 28: **Gondomar**, no Auditorio Lois Tobío, ás 12:30 h
Cuntis, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Domingo 29: **A Rúa**, no Centro Cultural Avenida, ás 18:00 h



XUÑO

- Sábado 4: **Fisterra**, no Salón de Actos do Concello, ás 18:30 h
- Domingo 5: **Oleiros**, nas Torres de Santa Cruz, ás 12:00 h
Carral, no Local de Xente Nova de Tabeaio, ás 18:00 h
- Sábado 11: **O Porriño**, no Círculo Recreativo Cultural, ás 12:30 h
Mondariz-Balneario, na Sala de Cultura do Concello, ás 19:00 h
- Domingo 12: **Moaña**, no Auditorio do Centro Sociocultural Castelaio, ás 12:00 h
Redondela, no Auditorio da Xunqueira, ás 19:00 h
- Sábado 18: **Verín**, no Auditorio Municipal, ás 12:30 h
Viana do Bolo, na Casa da Cultura, ás 19:30 h
- Domingo 19: **O Pereiro de Aguiar**, no Centro de Día dos Gozos, ás 12:00 h
Celanova, no Auditorio Municipal Ilduara, ás 18:30 h
- Sábado 25: **Viveiro**, no Teatro Pastor Díaz, ás 18:00 h
- Domingo 26: **Fene**, no Local do CCRD de Perlío, ás 12:30 h

OS BOLECHAS VAN ÁS OLIMPIÁDAS

XULLO

- Sábado 2: **Noia**, no Teatro Coliseo Noela, ás 21:00 h
Domingo 3: **Forcarei**, no Auditorio de Soutelo de Montes, ás 19:00 h
Sábado 9: **Monterroso**, no Salón de Actos do Espazo Cultural, ás 19:00 h
Domingo 10: **Outes**, na Casa da Cultura, ás 20:00 h
Venres 15: **Tui**, na Biblioteca Municipal, ás 18:00 h
Sábado 23: **Melide**, na Casa da Cultura, ás 20:30 h

